

A Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 2 de decembro de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.**

**Punto 2. Preguntas orais en Comisión**


2.1 431 (10/POC-000019)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 13 máis  
Sobre a información do Goberno galego respecto da posible venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas e as actuacións previstas para garantir o emprego dos traballadores  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016*

2.2 517 (10/POC-000029)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as axudas e subvencións concedidas pola Xunta de Galicia a diversas empresas do sector da automoción  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 8, do 07.11.2016*

2.3 833 (10/POC-000086)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño e as subvencións e axudas públicas concedidas para consolidar a súa actividade neste concello, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego e as súas intencións ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.11.2016*

**Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión**

3.1 429 (10/PNC-000016)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 13 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixaxes, así como para o mantemento da



actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías de Cee e Dumbría

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016*

- 3.2 569 (10/PNC-000027)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes e a posible venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*

- 3.3 646 (10/PNC-000038)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa continuación da tramitación da iniciativa lexislativa popular sobre pobreza enerxética tomada en consideración na Cámara na novena lexislatura, as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para protexer as familias que se atopan nesa situación

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016

Cristina Isabel Romero Fernández  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 25/11/2016 10:30:05**